

CARACTERIZACIÓN DE SEIS ZONAS DE GALICIA CON DIFERENTE GRAO DE URBANIZACIÓN

Calvo Ocampo, E.¹, Iglesias Patiño, C.I.^{1,3} López Vizcaíno, M.E.¹, Santiago Pérez, M.I.²
Silveira Calviño, S.¹, Villar Cheda, E.¹

1 Instituto Galego de Estatística

2 Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

3 Departamento de Estatística e Investigación Operativa. Universidade de Santiago

RESUMO

O obxectivo deste traballo é facer unha caracterización de Galicia segundo a clasificación do grao de urbanización publicada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) no ano 2011. Para facer a caracterización empréganse variables sociodemográficas, económicas e sanitarias.

Palabras e frases clave: grao de urbanización, clasificacións.

1. INTRODUCCIÓN

Nos últimos vinte anos publicáronse numerosos traballos que tiñan como obxectivo clasificar o territorio galego segundo a súa ruralidade. Entre estes traballos destacan a clasificación das áreas urbanas do Ministerio de Fomento, que diferencia en grandes e pequenas e mais en áreas non urbanas, ou a achega da D.X. de Saúde Pública sobre a construción dun índice de ruralidade e a subseguinte clasificación dos concellos galegos en urbanos, semiurbanos ou rurais mediante técnicas factoriais, en López&Santiago(2005). Dentro do ámbito máis académico, cómpre salientar o esforzo de Dalda et al(2005), tamén empregando técnicas multivariantes e a parroquia como unidade de análise.

A última achega a este tema é a do Instituto Galego de Estatística (IGE) que, en xullo de 2011, fixo pública unha clasificación dos concellos e das parroquias de Galicia atendendo ao seu grao de urbanización. Con este punto de partida, o obxectivo deste traballo é describir as características sociodemográficas, económicas e sanitarias das seis zonas de Galicia que resultaron ao clasificar os concellos en función do seu grao de urbanización, e identificar similitudes e diferenzas entre elas.

2. GRAO DE URBANIZACIÓN

A clasificación dos concellos e parroquias de Galicia feita polo IGE a partir do grao de urbanización do IGE trata, por un lado, de reflectir as peculiaridades do asentamento poboacional en Galicia e, por outro, de preservar a harmonización coa clasificación empregada a nivel estatal e europeo (Eurostat, 2007). O

punto de partida para elaborar ambas as dúas clasificacións foi a variable grao de urbanización, definida por Eurostat do seguinte xeito:

“O grao de urbanización é o tipo de localidade na que reside un individuo segundo o seu carácter urbano ou rural, e establécense tres categorías: Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP), Zonas pouco poboadas (ZPP).

Estas categorías defínense a partir das áreas locais (AL) e a súa densidade de poboación do xeito seguinte:

- **Zonas densamente poboadas (ZDP):** conxunto contiguo de AL de densidade superior a 500 hab./Km² e unha poboación total para a zona de alomenos 50.000 habitantes.
- **Zonas intermedias (ZIP):** son o conxunto de AL que non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./Km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a una zona poboada densamente.
- **Zonas pouco poboadas (ZPP):** son os grupos de AL que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias.

Unha AL ou un grupo contiguo de AL que non acadan o nivel de densidade requirido, pero que están totalmente contidas nunha zona densamente poboada ou intermedia, considéranse como parte dela. Unha AL localizada entre unha zona densamente poboada e unha zona intermedia, aínda que non acade os 100 hab./Km², considérase como intermedia. Para aplicar isto, o grupo de áreas afectadas deben ter unha superficie de polo menos 100 Km².”

A clasificación tanto dos concellos como das parroquias nas tres zonas establecidas por Eurostat é bastante grosa no caso galego e non permite diferenciar núcleos importantes de poboación con certo grao de urbanización, sobre todo nas provincias de Ourense e Lugo. Por este motivo, o IGE, en colaboración coa Consellería de Sanidade, desenvolveu unha subclasificación para os concellos e outra para as parroquias partindo da definición de Eurostat e considerando como AL o concello e a parroquia, respectivamente:

- Para as parroquias estableceuse unha subclasificación das tres zonas (ZDP, ZIP e ZPP) en sete subzonas, de maior a menor grao de urbanización: ZDP, ZIP Alta, ZIP Baixa, ZPP Alta, ZPP Intermedia, ZPP Baixa e ZPP superbaixa.
- No caso dos concellos estableceuse unha subclasificación das tres zonas (ZDP, ZIP e ZPP) en seis subzonas, de maior a menor grao de urbanización: ZDP, ZIP Alta, ZIP Baixa, ZPP Alta, ZPP Intermedia e ZPP Baixa (Táboa 1).

Táboa 1.- Distribución da poboación (Padrón 2009) e da superficie de Galicia por tipo de zona definida a partir dos concellos.

Zona	Nº concellos	Poboación	Superficie	% poboación	% superficie
ZDP	10	941.154	637,4	33,7	2,2
ZIP	61	909.691	3.185,4	32,5	10,8
ZIP alta	26	627.315	1.681,8	22,4	5,7
ZIP baixa	35	282.376	1.503,6	10,1	5,1
ZPP	244	945.244	25.729,8	33,8	87,1
ZPP alta	21	241.116	2.438,1	8,6	8,2
ZPP media	32	206.943	3.178,1	7,4	10,8
ZPP baixa	191	497.185	20.113,7	17,8	68,1
Total	315	2.796.089	29.552,6	100,0	100,0

3. VARIABLES SOCIODEMOGRÁFICAS, ECONÓMICAS E SANITARIAS

Para levar a cabo a caracterización das seis zonas de Galicia establecidas para os concellos, empregáronse as seguintes variables sociodemográficas, económicas e sanitarias:

Variables sociodemográficas: índice de envellecemento, taxa bruta e estandarizada de natalidade e mortalidade, esperanza de vida, índice sintético de fecundidade, % de afiliacións á agricultura e á pesca, % de afiliacións á industria, % de afiliacións á construción, % afiliacións aos servizos, taxa de paro, % de mulleres en paro, % de persoas con estudos superiores, taxa de risco de pobreza, porcentaxe de fogares unipersoais de 65 ou máis anos, porcentaxe de fogares que utilizaron ordenador, porcentaxe de fogares que utilizaron internet.

Variables económicas: remuneración de asalariados por asalariado, renda dispoñible bruta (RDB) por habitante, porcentaxe de prestacións sociais sobre a RDB, cotizacións sociais sobre prestacións sociais.

Variables sanitarias: prevalencia de fumadores, prevalencia de obesidade, prevalencia de persoas con mal estado de saúde autopercebido, prevalencia de sedentarismo, taxa de mortalidade por suicidio, taxa de mortalidade por cancro de pulmón, taxa de mortalidade por accidentes de tráfico, taxa de mortalidade por infarto agudo de miocardio, taxa de mortalidade por enfermidades cardiovasculares, taxa de ingresos hospitalarios por 1.000 habitantes, considerando todas as causas e excluindo as relacionadas co embarazo, parto e puerperio, que son unha das principais causas de ingresos nas mulleres.

A fonte dos datos é o Instituto Galego de Estatística e a Consellería de Sanidade.

4. RESULTADOS

Neste apartado preséntanse os resultados máis destacables en canto ás diferenzas observadas entre as seis zonas de urbanización con respecto ás variables sociodemográficas, económicas e sanitarias analizadas.

Na Figura 1 móstrase o índice de envellecemento nas seis zonas. Obsérvase un envellecemento moito máis intenso na ZPP baixa, con máis de 136 puntos de diferenza coas outras dúas zonas pouco poboadas e moi diferenciada das restantes zonas. Tamén se pode ver como a ZIP conta con poboación máis nova que a ZDP, o que pode estar motivado porque a ZIP está constituída polos concellos que rodean ás grandes cidades e que constitúen a residencia de moita poboación nova.




Figura 1.- Índice de envellecemento (%). Ano 2010.

Na Figura 2 preséntase o nº medio de fillos por muller nas seis zonas. Tal e como se pode observar ningunha das zonas ten asegurado o remprazo xeracional, que se sitúa en 2,1 fillos por muller. De todos os xeitos a zona que mellor se comporta é a ZIP alta con 1,2 fillos por muller.




Figura 2.- Índice sintético de fecundidade. Ano 2009

Na Figura 3 preséntase a porcentaxe de persoas con estudos superiores, xunto cos intervalos de confianza do 95%, e obsérvanse diferenzas significativas entre as zonas ($p < 0,0001$). Hai unhas diferenzas moi marcadas entre a ZPP baixa e a ZDP de máis de 20 puntos, e un parecido interesante entre a ZIP baixa e as ZPP alta e intermedia.




Figura 3.- Porcentaxe de persoas con estudos superiores. Ano 2010

Nos gráficos da Figura 4 obsérvase como, a medida que avanzamos de zonas densamente poboadas a zonas pouco poboadas, a renda baixa e tamén a remuneración de asalariados por persoa asalariada. Hai que destacar que, como ocorre con outras variables, no caso da RDB hai moitas similitudes entre a ZIP baixa, a ZPP alta e a ZPP intermedia. Tamén se observan similitudes na remuneración de asalariados entre as zonas anteriores, aínda que non tan marcadas coma no caso da RDB.




Figura 4.- Remuneración de asalariados por asalariado (miles de €) e RDB por habitante (€). Ano 2008.

Na Figura 5 represéntanse as prevalencias de fumadores, obesidade, mal estado de saúde percibida e sedentarismo por zonas, xunto cos intervalos de confianza do 95%. Como se pode observar na primeira gráfica, a prevalencia de fumadores mostra unha tendencia decrecente e a diferenza entre as 6 zonas é significativa ($p < 0,0001$), pero cando se exclúe a zona ZPP baixa pérdese a significación ($p = 0,3172$). Isto pode deberse a que a zona ZPP baixa ten a poboación máis envellecida e, polo tanto, a prevalencia de fumadores é menor que nas outras zonas.

Coa prevalencia de sedentarismo ocorre algo semellante ao observado coa de fumadores. A diferenza entre as seis zonas é significativa ($p = 0,03$) con tendencia crecente, pero cando se exclúe a zona ZPP alta xa non hai diferenzas entre zonas ($p = 0,5713$). Por outra banda, a tendencia crecente na prevalencia de mala saúde percibida parece relacionada coa idade, con valores entornao ao 13% nas zonas ZDP e ZIP alta e do 21% na ZPP baixa. En canto á prevalencia de obesidade, é máis alta nas zonas ZIP baixa e as ZPP sen diferenzas entre elas ($p = 0,3170$).




Figura 5.- Prevalencia de fumadores, obesidade, mala saúde autopercibida e sedentarismo por subzonas con intervalos de confianza do 95%. Sistema de Información sobre Condutas de Risco (SICRI) 2010.

5. CONCLUSIÓN

Os resultados deste estudo poñen de manifesto que as seis zonas de Galicia definidas polo grao de urbanización dos concellos presentan importantes diferenzas no seu perfil sociodemográfico, económico e sanitario. Ademais, o estudo permitiu identificar un alto grao de heteroxeneidade entre as zonas intermedias (ZIP alta e ZIP baixa) e tamén entre as zonas pouco poboadas (ZPP alta, ZPP intermedia, ZPP baixa), o que apoia a hipótese inicial de que a clasificación en 3 zonas establecida por Eurostat non é suficiente para reflectir axeitadamente as peculiaridades do territorio galego.

Este estudo permitiu, tamén, identificar certas similitudes entre zonas como a ZIP baixa, ZPP alta e ZPP intermedia.

REFERENCIAS

Dalda, J.L.; Docampo, M. e Harguindey, J.G. (2005) *Cidade difusa en Galicia*. Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Xunta de Galicia.

Eurostat (2007). *Task Force on Core Social Variables*. Luxembourg: Office for Official Publications of the European Communities.

IGE (2011). Clasificación do grao de urbanización das parroquias e dos concellos galegos. Dispoñible en: http://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003&idioma=gl.

López Ratón, M.; Santiago Pérez, M.I. (2005). Construcción de un índice de ruralidad y clasificación de los municipios gallegos. I Congreso de Estatística e Investigación Operacional da Galiza e Norte de Portugal VII Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións.